

## *Un Pequeno CV*

*Olalla Castro Alvaredo naceu na aldea de Novelín, Concello de O Incio o 3 de xuño de 1975.*



*Estudou na escola primaria de Santa Cruz do Incio e logo no Instituto de Ensino Secundario de Monforte de Lemos (hoxe coñecido como IES Río Cabe).*

*Entre 1993 e 1997 estudou a carreira de Física na Universidade de Santiago acadando a licenciatura en 1997 cunha media de 9.1. Ese mesmo ano recibiu o premio fin de carreira da Comunidade Galega por ter acadado os mellores resultados na disciplina de Física da Comunidade Autonoma Galega.*

*Seguidamente incorporouse ó programa de master en Física de Partículas da Universidade de Santiago e rematou a súa tesina en 1999 coa nota máis alta (Sobresainete Cum Laude). Rematada a Tesina continuou traballando na mesma liña de investigación facendo a tese doutoral que rematou no 2001. Pouco despois recibiu o premio á mellor Tese en Física da Universidade de Santiago e o Doutorado Europeo en Física de Partículas.*

*Durante a súa Tesina e Tese doutoral, especializouse nunha área da Física de Partículas coñecida como Teoría Cuántica de Campos. Xa como doutora continuou a súa traxectoria como investigadora neste mesma área, primeiramente na Universidade Libre de Berlín (2001-2003) e logo na Escola Normal Superior de Lyon (Francia) (2004-2005) e finalmente na City University London, onde leva traballando como investigadora e docente dende marzo do 2005.*

*Leva publicado máis de 40 artigos de investigación en xornais Internacionais especializados, ten impartido docencia en varias áreas das matemáticas e a física e seminarios sobor do seu traballo de investigadora en decenas de conferencias internacionais. Ten tamén dirixido múltiples proxectos de fin de carreira así como dúas teses doutorais.*

*Olalla ten tamén un gran interese na divulgación científica e na “desmitificación” das matemáticas e a física como disciplinas difíciles, áridas e so accesibles a poucas persoas. No 2012 escribiu un artigo no periódico Inglés “The Telegraph” sobre o papel das matemáticas na sociedade e ten dado seminarios de divulgación en varias escolas. No 2013 tamén participou no Día da Ciencia en Galego que permitiu a centos de IES Galegos plantexar preguntas a varios investigadores galegos no estranxeiro a través de Internet.*

*Dende o 2005 Olalla vive no norte de Londres nunha rexión coñecida como Crouch End. Vive coa súa parella Benxamín Doyon, investigador e docente canadense especializado tamén na Física de Partículas. Benxamín traballa na Universidade King’s College London. Benxamín e Olalla teñen tamén varias publicacións científicas en común.*